



Oficina de Rehabilitación - Concello de Sarria

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO ANTIGO DE SARRIA.

En desenrolo do acordo da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do casco antigo de Sarria (Lugo), Comunidade Autónoma de Galicia, *Plan Estatal de Vivenda 2018 - 2021*, e en relación ao papel xestor do Concello de Sarria para a execución do Plan e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas neste acordo.

1. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do casco antigo de Sarria, con cargo aos convenios asinados polo Concello para tal obxecto, no marco do *Plan Estatal de Vivenda 2018 - 2021*.

A convocatoria realízase polo disposto no acordo da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do casco antigo de Sarria (Lugo), Comunidade Autónoma de Galicia, *Plan Estatal de Vivenda 2018 - 2021*.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en **réxime de concorrencia**, consonte os criterios de selección dispostos no apartado 5 da convocatoria.

2. BENEFICIARIOS

As **persoas beneficiarias** das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do *Real Decreto 106/2018*, do 9 de Marzo.

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumidos por cada unha delas. As persoas beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias e, se é o caso, nos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Con todo o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, do 17 de Novembro*, non se atribuirá á dita propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación.

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da *Lei 38/2003, do 17 de Decembro*, e 10 da *Lei 9/2007, do 13 de Xuño*, ou a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.

3. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 Lugo. Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Oficina de Rehabilitación - Concello de Sarria

Ademais das recollidas no artigo 13 da *Lei 38/2003, do 17 de Decembro*, e no artigo 11 da *Lei 9/2007, do 13 de Xuño*, as persoas beneficiarias terán as seguintes **obrigas**:

- Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.
- **Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente** da persoa promotora ou da persoa arrendataria, no suposto de que se destinen ao alugamento, por un prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 7 do *Decreto 18/2014, do 13 de Febreiro*, e o artigo 31.4 da *Lei 38/2003, do 17 de Novembro*, para o caso de recibir as axudas autonómicas. Este prazo computarase desde a data de notificación da cualificación definitiva, cando se trate de uso propio, ou desde a data de sinatura do contrato de alugamento, para os casos en que se destine a esta finalidade. Tendo en conta que o contrato debe estar comprendido entre o día seguinte ao da cualificación definitiva e da data de resolución de concesión ou pagamento da axuda, segundo establezan as bases reguladoras aprobadas polo concello.
- Comunicar ao concello correspondente calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o concello e/ou o IGVS considere pertinentes durante a vixencia da subvención.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo concello ou o IGVS.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos mentres o poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de Xaneiro, de transparencia e bo goberno*, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.
- As demais que deriven desta resolución e do *Real Decreto 106/2018, do 9 de Marzo*.

4. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

De conformidade co artigo 51 do *Real Decreto 106/2018, do 9 de Marzo*, son **actuacións subvencionables** as seguintes:

- As previstas no artigo 36 do *Real Decreto 106/2018, do 9 de Marzo*, para o Programa de fomento da **mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas**.
- As previstas no artigo 43 do *Real Decreto 106/2018, do 9 de Marzo*, para o Programa de fomento da **conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas**.
- A execución de obras e/ou traballos de **mantemento e intervención** nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, **instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns**, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.



Oficina de Rehabilitación - Concello de Sarria

- As obras de **demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción**. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas exigencias do Código técnico da edificación.

5. REQUISITOS DAS ACTUACIÓNS

Todas as actuacións deberán dispor de **licenza municipal** ou, se é o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de **comunicación previa**, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

As actuacións deberán **axustarse ao proxecto ou á memoria elaborada para a súa execución**.

As actuacións **non poderán estar iniciadas con anterioridade á publicación da presente convocatoria**.

O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de cualificación provisional das obras.

O custo de todas as actuacións subvencionables incluírá tamén os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción do proxectos, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto similar, derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

O custo subvencionable das obras, incluíndo os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción do proxecto, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios sinalados no punto anterior non poderán superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da Construción de Galicia 2017 ou normativa que a substitúa.

6. CRITERIOS DA SELECCIÓN DAS AXUDAS

O Concello, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder e da preferencia das solicitudes, seleccionará as actuacións subvencionadas.

O Concello aprobará unha selección previa de solicitudes candidatas a seren subvencionadas en función das seguintes consideracións: mellora das condicións de habitabilidade das vivendas, condición social dos beneficiarios, fixación da poboación na Área de Rehabilitación, presenza significativa da unidade de edificación no espazo público, nivel de catalogación da unidade de edificación, e axuste económico do número de actuacións a cumprir e de acordo co seguinte baremo:

- Mellora das condicións de habitabilidade das vivendas e edificios (0-13 puntos): son aquelas intervencións que melloran considerablemente as condicións de habitabilidade, para alcanzar ou aproximarse ás establecidas no *Decreto 29/2010 Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia*.
- Condición social (3 puntos): Considérase esta condición a das unidades familiares con Renda das Persoas Físicas inferiores a 1.2 veces o IPREM, as persoas separadas ou divorciadas ás que non se lles adxudicou unha vivenda familiar, así como as mulleres



Oficina de Rehabilitación - Concello de Sarria

vítimas da violencia de xénero, as vítimas do terrorismo, as persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecidas e as familias que as teñan ao seu cargo.

- Fixación de poboación na Área de Rehabilitación: (0-3 puntos): Son aquelas intervencións que se realizan co propósito de seren ocupadas, ben polos propietarios ou para alugueiro. Se mellorarán na valoración a ocupación de vivendas baleiras.
- Presencia significativa da unidade de edificación no espazo público: (0-3 puntos): Se valora a capacidade de mellora da imaxe urbana e así fomentar a recuperación dos edificios do contorno.
- Nivel de catalogación da unidade de edificación (0-2 puntos): Nos ámbitos do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do casco antigo de Sarria, obterán 2 puntos os Edificios de Especial significación arquitectónica e 1 punto os edificios característicos do conxunto.

Aos efectos desta selección consideraranse as intervencións exclusivamente en elementos comúns do edificio como unha única solicitude e a súa puntuación será referida ao edificio e non as unidades de vivenda que o compoñen.

Unha vez obtidas as puntuacións e realizada a selección, pode resultar necesario o axuste das intervencións para obter un máximo aproveitamento das contías de subvención concedidas.

7. CONTÍAS DAS SUBVENCIÓNS

1. No cálculo da contía da subvención ministerial aplicaranse dous límites:

- A contía das subvencións non poderá exceder, de forma individualizada, do **40% do custo das actuacións subvencionables**.

Esta porcentaxe máxima poderá ser do **75 %**, se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son **inferiores a tres veces o IPREM***. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existen **persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos**.

- A contía máxima unitaria por vivenda que se rehabilite será **12.000 € para obras de eficiencia enerxética con redución de demanda enerxética mínima do 35% da demanda enerxética anual global** (Art. 36 do *Real Decreto 106/2018*, do 9 de Marzo).

A contía máxima unitaria por vivenda que se rehabilite será **8.000 € para obras de conservación e accesibilidade** (Arts. 43 e 51 do *Real Decreto 106/2018*, do 9 de Marzo).

No caso de edificios, incrementarase estas contías con 120 €/m² de superficie construída del local comercial ou outros usos.

A contía poderá acadar ata **30.000 € por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída, nos casos de infravivenda e chabolismo**.

2. No cálculo da contía da subvención autonómica aplicaranse igualmente dous límites:

- A contía das subvencións non poderá exceder, de forma individualizada, do **10% do custo das actuacións subvencionables**.
- A contía máxima unitaria por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación de **4.000 €**.



Oficina de Rehabilitación - Concello de Sarria

*IPREM 2018: diario: 17,93 €/día, mensual: 537,84 €/mes, anual: 6.454,03 €/ano.

8. COMPATIBILIDADE

As subvencións deste programa son **compatibles con calquera outra axuda pública**, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.

Non poderán ser beneficiarias deste programa as persoas beneficiarias das axudas do programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do *Real Decreto 106/2018*, do 9 de Marzo.

9. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas e as entidades interesadas deberán dirixir a solicitude ao concello onde estea situado o edificio ou a vivenda sobre a que se vaia realizar a actuación.

Coa solicitude de subvención deberase acompañar, salvo nos casos en que se autorice a súa consulta, a seguinte documentación:

- **Documentación acreditativa da identidade** da persoa ou entidade solicitante e, de sero caso, da súa persoa representante.
- **Xustificación da titularidade** do edificio ou vivenda.
- **Proxecto Técnico ou Memoria Valorada** no que se describan as obras a executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do *Real Decreto 106/2018*, do 9 de Marzo. O proxecto ou memoria deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.
- **Licenza, comunicación previa e/ou autorizacións necesarias** para a execución das obras.
- No caso de que a persoa solicitante sexa unha entidade sen personalidade xurídica ou persoa xurídica, pública ou privada, documentación acreditativa da súa constitución, así como o acordo para a execución das obras que son obxecto da solicitude de subvención.
- No caso de que as obras se realicen en edificios de tipoloxía residencial colectiva, unha relación de persoas propietarias do edificio, con indicación da súa identidade e a referencia catastral de cada vivenda e local, así como unha certificación de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da *Lei 38/2003*, do 17 de Decembro, e da *Lei 9/2007*, do 13 de Xuño.
- Calquera outra documentación necesaria para acreditación do cumprimento dos requisitos previstos no *Real Decreto 106/2018*, do 9 de Marzo.



Oficina de Rehabilitación - Concello de Sarria

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

Poderán presentarse solicitudes no prazo de 3 meses desde o día seguinte á publicación destas bases no BOP.

11. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCÍONS

a) Aprobación inicial das axudas. Cualificación provisional

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentada a solicitude, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos para completar ou aclarar a documentación recibida, denegando as solicitudes que non cumpran os requisitos, elaborará unha proposta de cualificación provisional que remitirá a Área Provincial do IGVS en Lugo.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do *Plan Estatal de Vivenda*, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas beneficiarias.

A **cualificación provisional** é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

b) Execución das obras

O solicitante promotor das obras daralle conta á Oficina Municipal de Rehabilitación da data do comezo das obras.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, e en todo caso deberán estar rematadas antes do 31 de Outubro do 2020.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, pola Oficina de Rehabilitación e, en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar ó cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e até o cobro total de axudas solicitadas.

c) Remate das obras e Cualificación Definitiva

Os promotores das actuacións comunicarán o seu remate de acordo co previsto na cualificación provisional por medio da **documentación acreditativa da finalización de obra**, e en todo caso con data anterior ao 30 de Outubro do 2020, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade a dita data:



Oficina de Rehabilitación - Concello de Sarria

- Que as actuacións foron **executadas dentro dos prazos** e de acordo coa cualificación provisional.
- Que para a súa execución se contan con todas as autorizacións necesarias.
- Que o **pagamento efectivo** das facturas e os documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións foron realizadas polas persoas ou entidades beneficiarias que figuraban na resolución de calificación provisional.

A **xustificación de pagos será mediante transferencia bancaria**, talón ou calquera outro medio regulado pola *Lei 38/2003 xeral de subvencións* e *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.

Nas facturas figurará o nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

- No caso de ser obrigatorio (actuacións do artigo 36 do *Real Decreto 106/2018*, do 9 de Marzo) deberá achegarse a **certificación enerxética do edificio** no que se reflicta unha mellora da cualificación enerxética total do edificio.

O Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva, que conterà a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se vai aboar. A esta proposta de cualificación definitiva, que remitirá a Área Provincial do IGVS en Lugo, achegarase unha certificación do concello do cumprimento dos requisitos establecidos no *Real Decreto 106/2018*, do 9 de Marzo, na presente resolución e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto á actuación como á persoas e entidade beneficiaria.

A **cualificación definitiva** supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

Será causa da denegación da cualificación definitiva a non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

12. PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS

A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do *Plan 2018-2021*.

O Concello aboará as correspondentes subvencións aos/ás promotores/as que resulten persoas beneficiarias e xustificarán perante o IGVS os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento e o IGVS, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

O abono realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no punto 7 da convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

Concello de Sarria



Oficina de Rehabilitación - Concello de Sarria

Con carácter previo ao abono das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán presentar:

- **Certificado da titularidade a nome do beneficiario da conta bancaria** que designe para o pagamento.
- En caso de **contías inferiores ou iguais a 3.000 €: declaración xurada do beneficiario de estar ao corrente dos pagos da Seguridade Social e Facenda** (Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia e administración local)
- En caso de **contías superiores a 3.000 € : Certificados de que o beneficiario está ao corrente dos pagos da Seguridade Social e da Axencia Tributaria Galega.**

13. DENEGACIÓN, MODIFICACIÓN E REVOGACIÓN DAS SUBVENCÍONS

Sen prexuízo das posibles incompatibilidades que legalmente foran aplicables en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17º.3 da *Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Ademais das previstas no artigo 33 da *Lei 9/2007*, do 13 de Xuño, serán causas de reintegro as seguintes:

- O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da *Lei 9/2007*, do 13 de Xuño, salvo que a *Lei de orzamentos do Estado* estableza outro diferente.
- A non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación substancial das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da *Lei 9/2007*, do 13 de xuño. Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 4 da convocatoria, as seguintes:

- Incurrir en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda reflectido no apartado 5 desta convocatoria.
- Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
- O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
- A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.



Oficina de Rehabilitación - Concello de Sarria

- O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

14. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

As contías máximas das citadas achegas por anualidades, segundo figura no convenio, son as seguintes:

Área de Rexeneración e Renovación Urbana	Achega Ministerio de Fomento	Achega Comunidade Autónoma
Casco antigo de Sarria	29.132,28 €	10.615,80 €

15. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na *Lei 39/2015*, de 1 de Outubro, de *procedemento administrativo común* e na *Lei Orgánica 15/1999*, do 13 de decembro, de *protección de datos de carácter persoal*, sendo responsable do seu tratamento a Oficina de Rehabilitación do Concello de Sarria, ante a cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

16. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- O *Real Decreto 106/2018*, do 9 de Marzo, polo que se regula o *Plan Estatal de Vivenda, 2018-2021*.
- *Resolución do Instituto Galego de Vivenda e Solo, do 3 de Agosto de 2018*, pola que se regula o *procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa*.
- A *Lei 38/2003*, do 17 de Decembro, *xeral de subvencións* e o *Real decreto 887/2006*, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- A *Lei 9/2007*, do 13 de Xuño, de *subvencións de Galicia*, e o *Decreto 11/2009*, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- A *Lei 8/2012*, do 29 de xuño, de *vivenda de Galicia*.
- *Real Decreto Lexislativo 7/2015*, de 30 de Outubro, polo que se aproba o *Texto Refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana*.



Oficina de Rehabilitación - Concello de Sarria

- O acordo da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do casco antigo de Sarria (Lugo) Comunidade Autónoma de Galicia *Plan Estatal de Vivenda 2018 - 2021*. Anualidade 2018.